

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGADER E OS CONCELLOS DE A ESTRADA, BÓVEDA, CABANAS, ORDES E QUIROGA PARA O ACONDICIONAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ORIENTADAS Á MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

#### DECLARA:

Que esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural formalizou cos concellos de A Estrada, de Bóveda, de Cabanas, de Ordes e de Quiroga cadanseu convenio para o acondicionamento de infraestruturas orientadas á mellora da calidade de vida da poboación.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto establecer a colaboración entre as partes para realizar as obras de creación e mellora en diversos elementos que permitisen aos veciños gozar de servizos de lecer e de infraestruturas axeitados para crear un contorno rural atractivo que favorecese a fixación da poboación.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentábase no seguinte: Agader ten especial interese no acondicionamento e/ou creación de infraestruturas de lecer orientadas a ofertar unha maior gama de servizos á poboación que fagan do medio rural un lugar máis atractivo que contribúa a fixar poboación. Para cumprir este obxectivo considerouse necesario poñer en marcha un plan de actuación dirixido a proxectos singulares que puidesen afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación e á transformación da realidade social do concello, tales como a adecuación de espazos para locais sociais, a creación de espazos deportivos, a mellora de servizos relacionados coas enerxías alternativas ou a mellora de infraestruturas de aproveitamento de augas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela  
(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

